



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
CULTURAIS E A COLABORACIÓN COA OEPLI**

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria, a 18 de maio de 2016.

REÚNENSE:

Dunha parte,, actuando en representación da Xunta de Galicia, en
virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das
facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da
Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se
publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, , na súa calidade de presidente da Asociación Galega do Libro
Infantil e Xuvenil (en adiante Asociación), con CIF G-36120871, actuando en nome e
representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal
como figuran nos arquivos desta consellería.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas
facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,



MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) é unha entidade cultural sen ánimo de lucro que ten como finalidade defender e promover a cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil.



Entre os seus obxectivos atópase tamén:

Recoller, promover, programar e executar iniciativas que tendan á promoción do libro infantil e xuvenil.

Prestar asesoramento e cooperación ás entidades ou persoas, administración e sectores interesados nestes fins, tanto dentro coma fóra de Galicia.

Asumir a representación galega nas organizacións estatais ou internacionais, con todas as responsabilidades e obrigas que isto comporte.

Establecer coas entidades públicas e privadas os convenios precisos para un mellor cumprimento dos seus fins.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle á Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil a cantidade total de 13.000 €, como contribución para a realización de actividades culturais e continuar a colaboración coa OEPLI.

A cantidade de 13.000 € financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.

A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) quere continuar a colaboración coa OEPLI (Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil) que é a sección española do IBBY (Internacional Board on Books for Young People) mediante o pago da cota correspondente ao ano 2016. A OEPLI como entidade sen ánimo de lucro, encárgase da realización e coordinación de todo tipo de actividades de promoción relacionadas co libro infantil e da lectura, así como das funcións de representación en España do IBBY.



Gálix, como sección galega, poderá participar nas actividades desenvolvidas sempre e cando estea ao día no pago das cotas de pertenza a esta entidade.

Neste ano 2016 a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) ten previsto a realización das seguintes actividades de ámbito internacional, estatal ou galego:

- Elaboración do catálogo “Galician Books for Children & Young Adults 2016”: Inclúe labores de produción, xestión, selección e elaboración de contidos e adquisición de materiais para a realización deste catálogo que recolle toda a produción galega no eido da literatura Infantil e Xuvenil ao longo do ano 2015, e que foi presentado na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2016
- Presenza no Salón do Libro Infantil e Xuvenil do Río de Janeiro: Realización para a súa exposición dunha escolma do máis significativo da literatura infantil e xuvenil galega nos últimos anos
- Lista de Honra do Ibbby: selección de dous libros, un na modalidade de autor galego e outro na de tradución ao galego.
- Selección de Libros Relevantes para a Xente Nova con Discapacidade (Outstanding Books for Young People with Disabilities Selection): Realización dunha escolma de libros galegos publicados desde o ano 2012.
- IFLA (Internacional Federation of Library Associations): presentación de libros para o catálogo de libros recomendados.
- Premios Andersen: presentación dos candidatos galegos na modalidade de escritor e ilustrador
- Libros Infantís en Linguas Europeas (Children Books in European Languages): Presentación de propostas ao IBBY para entrar na súa selección actualizada dos mellores libros infantís nos idiomas europeos
- AARHUS 29 Hay Festival: Elaboración dunha lista de escritores e ilustradores galegos menores de 40 anos para o proxecto “Hay Festival”.



Tamén están outros premios de colaboración estatal como os Premios Nacionais: *Literatura Infantil e Ilustración* e a participación no *Día Internacional do Libro Infantil DILI 2016*.

Por último atopamos a participación e organización en Galicia a través do *Nomeamento do socio de Honra e o Día Internacional do Libro Infantil 2016*.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa Gáliz na promoción da cultura infantil e xuvenil.

Por todo o anterior é a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no



exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 13.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, código de proxecto 201500372.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 6.500 € como máximo.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2016.

A Asociación presentará a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- A Asociación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo I do convenio)

QUINTA.- A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Asociación.



SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cumprirá coas obrigas específicas de información de convenios de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria O presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil